

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6903 *Orde APA/579/2020, do 29 de xuño, pola que se modifica a Orde APA/514/2019, do 26 de abril, pola que se fixan normas para a aplicación das exencións á obriga de desembarque e para a mellora na selectividade das artes.*

O Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello, ten como obxectivo fundamental garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sustentables ambientalmente a longo prazo e se xestionen de forma coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimenticios. Para iso, dispón de instrumentos de xestión como a fixación de cotas asignadas aos Estados membros, que garantirán a estabilidade relativa de cada un deles en relación con cada poboación de peixes ou pesqueira.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 5 as medidas da política de pesca marítima en augas exteriores, entre as cales se encontra a posibilidade de fixar medidas de conservación dos recursos pesqueiros, mediante a regulación de artes e aparellos. Así mesmo, o artigo 8 faculta o titular do departamento para adoptar medidas de regulación do esforzo pesqueiro, e entre elas encóntrase a limitación das redes, dimensión das artes, número de anzois ou calquera outra medida nas artes utilizadas que poida regular o esforzo pesqueiro desenvolvido por cada buque.

O artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, establece un calendario para aplicar a obriga de almacenar, manter a bordo, rexistrar, desembarcar e imputar á cota correspondente todas as capturas non desexadas de especies sometidas a límites de captura en augas atlánticas, e no Mediterráneo tamén aquelas que estean suxeitas a un tamaño mínimo conforme o Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, e polo que se modifican os regulamentos (CE) 1967/2006 e (CE) 1224/2009 do Consello, e os regulamentos (UE) 1380/2013, (UE) 2016/1139, (UE) 2018/973, (UE) 2019/472 e (UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) 894/97, (CE) 850/98, (CE) 2549/2000, (CE) 254/2002, (CE) 812/2004 e (CE) 2187/2005 do Consello. Así mesmo, o citado artigo inclúe determinadas exencións a esta obriga: as especies cuxa pesca está prohibida, especies con altas taxas de supervivencia, exencións de «minimis» e peixes con danos causados por depredadores.

Para a súa correcta aplicación ditouse a Orde APA/514/2019, do 26 de abril, pola que se fixan normas para a aplicación das exencións á obriga de desembarque e para a mellora na selectividade das artes.

A dita orde ten por obxecto regular a aplicación en España das disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, no relativo á obriga de desembarque prevista no seu artigo 15, mediante determinadas exencións á súa aplicación e determinadas medidas dirixidas a mellorar a selectividade e reducir así a taxa de descartes, dando efectivo cumprimento para a pesca marítima en augas exteriores españolas das disposicións da

política pesqueira común, cuxa entrada en vigor plena se produciu o 1 de xaneiro de 2019 pero cuxa normativa comunitaria de aplicación é revisada e modificada anualmente.

En primeiro lugar, convén aclarar o ámbito de aplicación da orde, tendo en conta a aplicación directa das disposicións comunitarias e a potestade dos Estados membros para desenvolveren determinados mecanismos, con base no artigo 19 do Regulamento (UE) 1380/2013 do Parlamento e do Consello, do 11 de decembro de 2013. En segundo lugar, conforme a experiencia adquirida, cómpre adaptar as definicións e deixar clara a súa vinculación coa normativa comunitaria vixente.

En terceiro lugar, no caso das especies suxeitas á obrigación de desembarque, as capturas de especies de tamaño inferior ao tamaño mínimo de referencia para efectos de conservación non se poderán desembarcar mentres existan cantidades dispoñibles con base na exención de «minimis» mentres que, unha vez esgotada esta cantidade, deberán desembarcarse e destinarse a fins distintos do consumo humano directo. Por este motivo inclúense os aspectos que aclaran como se aplicarán as distintas excepcións ao tamaño mínimo de referencia para efectos de conservación fixados na normativa comunitaria, para evitar dúbidas á hora de computar as ditas capturas.

Debido ás condicións estruturais de determinadas frotas de cerco, para estas non resulta posible a separación a bordo do peixe baixo tamaño das especies para as cales se permite desembarcar un 10 % de peixe con tamaño inferior ao de referencia para efectos de conservación de sardiña, xurelo, xarda, bocarte e arenque. En determinados barcos desta frota non é posible proceder á separación, pois a manipulación do peixe provoca unha perda de calidade que implica variacións no prezo de mercado, favorece a ruptura da cadea de frío, ou ben non existe suficiente espazo a bordo para poder realizar a clasificación. Esta disposición está amparada pola letra a) do punto 2 do artigo 49 bis do Regulamento (UE) 812/2015 do Parlamento e do Consello, que permitiría non ter estiba separada e por tanto non clasificar a bordo neste caso, cando as capturas conteñan máis dun 80 % de unha ou de varias pequenas especies peláxicas ou especies de uso industrial segundo se indican no artigo 15, número 1, letra a), do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento e do Consello, do 11 decembro de 2013.

Nestes casos, se resulta xustificando o uso da exención de «minimis» para o descarte de peixe de tamaño inferior ao de referencia para efectos de conservación, este descarte non será obrigatorio e poderase desembarcar peixe que exceda ese 10% de exemplares de baixo tamaño, coa condición de que no porto se proceda á separación do dito excedente para a súa venda separada do resto de peixe de tamaño legal con destino a consumo humano non directo. No caso de que non se proceda á dita separación, toda a partida será considerada de tamaño inferior ao de referencia de conservación e o seu destino será o consumo humano non directo. Para contar cun coñecemento preciso dos casos en que se produce este feito, as cantidades estimadas mediante mostraxe de peixe de tamaño inferior ao permitido a bordo deberán ser anotadas por especie, desde o primeiro quilo.

En cuarto lugar, como excepción á obrigación de imputar as capturas á cota correspondente, as capturas de especies que estean suxeitas á obrigación de desembarque e que excedan as cotas fixadas para as poboacións de que se trate, ou as capturas de especies para as cales o Reino de España non dispoña de cota, poderanse imputar á cota das especies principais sempre que non superen o 9 % da cota das especies principais. O Regulamento prevé no seu artigo 15.8 este mecanismo interespecies que se debe aplicar unicamente cando a poboación das especies alleas ao obxectivo quede dentro de límites biolóxicos seguros. Resulta necesario, pois, establecer a forma en que se deben contabilizar estas capturas e nesta orde inclúense medidas que se viu necesario establecer na aplicación práctica deste mecanismo.

En quinto lugar, a obrigación de desembarcar todas as capturas ten como obxectivo que as frotas busquen unha mellora permanente na selectividade, de forma que se deixen de capturar as especies que, polo seu tamaño ou polo mal estado biolóxico do recurso, se deben protexer e reducir a súa mortalidade co fin de mellorar o estado das ditas poboacións. Á luz dos coñecementos científicos que se obtiveron, tanto dos institutos científicos nacionais como dos organismos internacionais, como do Consello Internacional

para a Exploración do Mar (CIEM) e do Comité Científico, Técnico e Económico de Pesca (CCTEP), que revisan continuamente os estudos que se desenvolven en materia de selectividade, así como os requirimentos establecidos no ámbito europeo en certas zonas, requírese unha modificación das disposicións aplicables ao Mar Céltico e, polo tanto, á zona 7 onde faena a frota española, debido a que determinadas análises realizadas polo CCTEP indican que o dispositivo inicialmente incluído nesta normativa resulta menos selectivo para certas especies como o bacallau e o corbelo, para as cales se pediu unha redución das súas capturas accidentais para mellorar a situación das súas poboacións. Intégranse, ademais, as medidas introducidas polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2020/123 do Consello, do 27 de xaneiro de 2020, polo que se establecen para 2020 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións e grupos de poboacións de peixes, aplicables en augas da Unión e, no caso dos buques pesqueiros da Unión, en determinadas augas non pertencentes á Unión.

Finalmente, esta orde prevé aclarar o comportamento da regra de movemento que se estableceu cando o buque detecte zonas con maior concentración das especies limitantes das que establece a normativa comunitaria en función da malla utilizada, de modo que poida reter todas as capturas a bordo en cumprimento da obrigaçión de desembarque, pero tendo que abandonar esa zona unha vez que capturou por riba das ditas regras de composición. Para iso obrígase a que o desprazamento sexa polo menos de tres millas desde calquera punto da traxectoria do lance ou xornada últimos, desprazamento que se terá que aplicar cada unha das veces que isto ocorra.

A habilitación para que o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poida establecer medidas de limitación do volume das capturas, características técnicas e condicións de emprego das artes de pesca autorizadas para as distintas modalidades de pesca, e tamaños ou pesos mínimos de determinadas especies, recóllese nos artigos 9, 10.2 e 11.1, respectivamente, da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

O contido desta orde axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así, esta norma resulta necesaria para prever os mecanismos que permitan aplicar as excepcións á obrigaçión xeral de desembarque establecida pola Unión Europea, o que redundará no beneficio económico do sector afectado sen que iso supoña un prexuízo no *stock* dispoñible. Os principios de eficacia e de proporcionalidade observáronse debido a que a orde resulta o instrumento máis adecuado para asegurar así os intereses do sector cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, dando virtualidade práctica á devandita normativa europea. Respecto ao principio de seguridade xurídica, tal e como se expuxo, a norma é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea e, polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, na medida en que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados, e de transparencia, ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración mediante o trámite de información pública.

A elaboración desta orde someteuse a audiencia e información públicas conforme o disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, someteuse a consulta das entidades representativas dos sectores afectados e tamén das comunidades autónomas e a informe previo do Instituto Español de Oceanografía.

Esta orde dítase en virtude do artigo 149.1.19.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado na pesca marítima en augas exteriores.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde APA/514/2019, do 26 de abril, pola que se fixan normas para a aplicación das excepcións á obrigaçión de desembarque e para a mellora na selectividade das artes.

A Orde APA/514/2019, do 26 de abril, pola que se fixan normas para a aplicación das excepcións á obrigaçión de desembarque e para a mellora na selectividade das artes, modifícase da seguinte maneira:

Un. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 1, que queda redactado como segue:

«As normas contidas nesta orde serán de aplicación a todos os buques pesqueiros españois.»

Dous. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Definicións.*

Ademais das definicións contidas no Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, para os efectos desta orde establécense as seguintes definicións:

a) Exención de “*minimis*”: mecanismo que permite descartar unha determinada porcentaxe de capturas mediante actos delegados da Unión Europea para certas frotas e especie ou grupo de especies sometidas á obrigação de desembarque, que se calculan sobre o total anual de capturas, para a pesqueira de que se trate e sempre que non se adoptase nun plan plurianual nin nun plan de xestión conforme o artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no Mar Mediterráneo e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1626/94.

En aplicación da normativa europea vixente, esta excepción aplícase ás capturas non desexadas que non chegan ao tamaño mínimo de referencia para a conservación ou aquelas para as cales a frota, buque ou grupo de buques xa consumisen as súas cotas asignadas.

b) Exención por alta supervivencia: mecanismo que permite descartar as especies para as cales se determinase unha alta supervivencia sempre que se recollese nun plan plurianual, nun plan de xestión, nun plan específico de descartes ou nun acto delegado da Unión Europea.

En aplicación da normativa europea vixente, esta excepción aplícase ás capturas non desexadas que non cheguen ao tamaño mínimo de referencia para efectos de conservación ou a aquelas para as cales a frota, buque ou grupo de buques ben xa consumisen as súas cotas, ou ben para as cales non se teña cota asignada; tamén se poderá empregar para a liberación de capturas para as cales se teña cota sempre que se cumpran as condicións de liberación establecidas, de forma que se garanta a supervivencia dos exemplares.

c) Capturas non desexadas: capturas accidentais de organismos mariños que, en virtude do artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, deben ser desembarcadas e deducidas das cotas, ben por teren un tamaño inferior ao tamaño mínimo de referencia para efectos de conservación, ben porque superan as cotas dispoñibles das ditas especies.»

Tres. O artigo 4.1 queda redactado como segue:

«1. Mentres non se consumisen as cantidades establecidas con base na exención de “*minimis*” do artigo 15.4.c) do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e previstas no artigo 3 desta orde, non estará permitido levar a porto, manter a bordo no momento do desembarque ou desembarcar exemplares cuxo tamaño sexa inferior ao tamaño mínimo de referencia de conservación establecidos nos correspondentes anexos relativos a cada rexión do Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, e polo que se modifican os regulamentos (CE) 2019/2006 e (CE) 1224/2009 do Consello e os regulamentos (UE) 1380/2013, (UE) 2016/1139, (UE) 2018/973, (UE) 2019/472 e

(UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) 894/97, (CE) 850/98, (CE) 2549/2000, (CE) 254/2002, (CE) 812/2004 e (CE) 2187/2005 do Consello.

Segundo indican o anexo VI de Augas noroccidentais e o anexo VII de Augas suroccidentais do Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, os tamaños mínimos de referencia para efectos de conservación para a sardiña, o bocarte, o arenque, o xurelo e a xarda non se aplicarán dentro do límite do 10 % do peso vivo das capturas totais de cada unha desas especies conservadas a bordo, calculado nos termos dos ditos anexos.

Neste caso, terase en conta a porcentaxe obtida sobre a base de unha ou de máis mostras representativas e figurará en todos os documentos relativos á rastrexabilidade correspondentes, como o diario de a bordo, declaración de desembarque, nota de venda, declaración de recollida, documento de transporte, etc. Non será posible superar o límite do 10 % durante o transbordo, o desembarque, o transporte, o almacenamento, a exposición ou a venda e posteriores fases da cadea de comercialización.

Con todo, nos casos en que para unha determinada frota non sexa viable a separación dos exemplares de peixe inferiores ao tamaño regulamentario que superen o dito 10 % a bordo durante a marea, xa sexa por falta de espazo a bordo, pola deterioración ocasionada ao peixe asociada á súa manipulación ou porque implique a interrupción da cadea de frío, permitirase excepcionalmente o desembarque dese peixe inferior ao tamaño de referencia de conservación. Unha vez no porto, o patrón contará coa posibilidade de separar o peixe que exceda ese 10 %, sempre antes da primeira venda, e a partida por baixo do dito tamaño separada non poderá ser destinada a consumo humano directo. No caso de non se proceder á separación do dito exceso, toda a partida será considerada por baixo do tamaño mínimo de referencia para efectos de conservación e o seu destino non poderá ser o consumo humano directo.

A anotación no diario de pesca farase polas cantidades de peixe de tamaño legal e de peixe baixo tamaño estimadas mediante mostraxe a bordo desde o primeiro kg.»

Catro. O artigo 5.3 queda redactado como segue:

«3. Os armadores de buques con cotas repartidas individualmente aos cales se lles esgotase a cota para un dos *stocks* ou poboacións de peixes elixibles obxecto de flexibilidade recollidos na dita resolución, ou que non dispoñan de cota inicial desas especies, poderán computar as capturas deses *stocks* elixibles como cota da especie principal ata un máximo do 9 % calculado sobre o total da cota adaptada con que se conte, o que incluírá as transferencias de posibilidades de pesca que se realizasen ao longo do ano, de cada grupo de buques, buque individual ou frota en función de como sexa a xestión referente a esa especie principal.

A flexibilidade interespecies aplicarase como último recurso para cubrir as capturas non intencionais ou non desexadas que excedan as cotas fixadas para a poboación de que se trate ou para as cales non se dispoña de cota asignada. Para estes efectos, entenderase que unha captura é non intencional ou non desexada cando o volume de captura da dita especie, calculado sobre o total das capturas realizadas na marea, en peso vivo, entre nos parámetros que se establezan na resolución anual da Secretaría Xeral de Pesca. Estes parámetros poderán ser revisados e modificados ao longo do ano se así se establece en función de como se desenvolva a actividade pesqueira ou se así o exige a normativa da Unión Europea.

Deberase optar en primeiro lugar por computar as capturas dos *stocks* elixibles contra o 9 % das cotas adaptadas das especies principais que cada barco ou grupo de barcos, de ser o caso, teña repartidas individualmente. Unha vez consumida a cota adaptada destas especies principais repartidas individualmente ou por grupo

de barcos, poderase computar o consumo das especies elixibles ata un 9 % sobre as principais non repartidas desta forma, logo de solicitude por escrito á Dirección Xeral de Pesca Sustentable.

Os armadores de varios buques con posibilidades de pesca repartidas individualmente poderán facer uso da flexibilidade interespecies de maneira conxunta sumando as cantidades totais das especies principais dos seus buques. Para iso deberán comunicar á Dirección Xeral de Pesca Sustentable a súa intención de xestionar a flexibilidade interespecies de maneira conxunta.»

Cinco. O primeiro parágrafo da alínea a) do artigo 7 queda redactado como segue:

«a) Os buques de arrastre de fondo que faenen na zona 6a do CIEM deberán incluír o seguinte dispositivo cando faenen na dita zona:»

Seis. A alínea b) do artigo 7 queda redactada como segue:

«b) Os buques de arrastre de fondo que faenen na zona 7 do CIEM deberán utilizar un copo cun tamaño de malla mínimo de 100 mm, ou outra configuración alternativa permitida pola normativa europea.»

Sete. O artigo 8.2 queda redactado como segue:

«2. No caso de se superaren os topes de capturas establecidos nun lance ou nunha xornada de pesca nos ditos regulamentos, antes de realizar un novo lance nesa xornada ou na seguinte, o buque deberase desprazar e manter polo menos unha distancia de 3 millas desde calquera punto da traxectoria do último lance ou actividade desenvolvida na xornada de pesca previa.

Se no seguinte lance ou xornada de pesca se volve dar a mesma situación, o buque deberase volver mover 3 millas desde calquera punto da posición ou traxectoria anterior e así sucesivamente tantas veces como ocorra.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xuño de 2020. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.